



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MELIDE

Aprobación definitiva da derogación da Ordenanza fiscal nº7 e de establecemento da nova Ordenanza fiscal nº7 reguladora da taxa pola prestación do servizo de xestión de residuos municipais

Aprobación definitiva da derogación da actual ordenanza fiscal nº7 reguladora da taxa de recollida e tratamento de lixo do Concello de Melide e de imposición e ordenación dunha taxa pola prestación do servizo de xestión de residuos municipais mediante o establecemento da nova ordenanza fiscal nº7 reguladora da taxa pola prestación do servizo de xestión de residuos municipais.

ANUNCIO

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria do 7 de outubro de 2025, aprobou inicialmente a derogación da actual ordenanza fiscal nº7 reguladora da taxa de recollida e tratamento de lixo do Concello de Melide e de imposición e ordenación dunha taxa pola prestación do servizo de xestión de residuos municipais mediante o establecemento da nova ordenanza fiscal nº7 reguladora da taxa pola prestación do servizo de xestión de residuos municipais, e dado que durante o período de exposición pública non se presentaron reclamacións, elevouse automaticamente a definitivo o citado acordo ata entón provisional, debendo publicarse o texto íntegro da nova ordenanza fiscal, para a súa entrada en vigor, que queda redactada como segue:

ORDENANZA FISCAL Nº7 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS

Exposición de motivos

A Directiva 2008/98/CE estableceu uns obxectivos ambiciosos para a redución, reutilización e reciclaxe de residuos municipais e obrigou aos Estados membros a tomar diferentes medidas, enumerando distintos instrumentos económicos, entre os que se atopan as taxas e os sistemas de pago por xeración de residuos. A Directiva Marco de residuos estableceu obxectivos de preparación para a reutilización e reciclado moi ambiciosos para os residuos municipais; 50% en 2020, 55% en 2025, 60% en 2030 e 65% en 2035.

No ano 2015 a Comisión Europea aprobou o Plan de Acción en materia de economía circular que incluía un compendio de medidas entre as que se atopaba a aprobación dun paquete normativo que revisase as pezas crave da normativa da Unión Europea relativa a residuos. Así, en 2018 apróbase a Directiva (UE) 2018/851 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, pola que se modifica a Directiva 2008/98/CE sobre os residuos. Esta directiva revisa algúns artigos da Directiva Marco de residuos co obxectivo de avanzar na economía circular, harmonizar, mellorar a información e rastrexabilidade dos residuos e reforzar a gobernanza neste ámbito.

Na normativa española, a Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e chans contaminados para unha economía circular incluíu as obriga de recollida separada, a revisión das ordenanzas municipais (disposición final oitava) e os contratos no prazo de tres anos (disposición adicional undécima); como os dous instrumentos económicos, cumprindo así as recomendacións da Comisión: por unha banda, a obrigatoriedade de que as entidades locais establezan no prazo de tres anos (antes de 10 de abril de 2025), unha Taxa ou Prestación Patrimonial de carácter público non tributario polo servizo de recollida, transporte e tratamento de residuos que sexa específica, diferenciada e non deficitaria, que permita implantar sistemas de pago por xeración; e por outro, o imposto estatal ao depósito de residuos en entulleira, incineración e coincineración de residuos.

Artigo 1. Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e ao amparo do previsto nos artigos 57 e 20.4.s) do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL), de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 deste texto legal e a Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e chans contaminados para unha economía circular, o Concello de Melide establece a taxa polo servizo de recollida, transporte e tratamento dos residuos municipais, que se rexerán por medio da presente Ordenanza.

Con esta regulación dáse cumprimento á esixencia legal de establecer unha taxa específica, diferenciada e non deficitaria, configurándose a taxa polo servizo de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos como de recepción obrigatoria.

Artigo 2. Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible da taxa o servizo de recepción obrigatoria de recollida, transporte, valorización e eliminación de residuos domésticos, así como do resto de actuacións que engloban o concepto de xestión de residuos establecido no artigo 2.n) da Lei 7/2022.

2. Este servizo resulta de recepción obrigatoria.

3. Considéranse residuos domésticos:

- Os residuos perigosos ou non perigosos xerados nos fogares como consecuencia das actividades domésticas.
- Os xerados en servizos e industrias, de composición e cantidades similares aos definidos como domésticos, que non se xeraron como consecuencia da actividade propia do servizo ou industria.

En concreto, inclúense nesta categoría todos aqueles residuos definidos como domésticos no artigo 2 da Lei 7/2022, excepto os procedentes da limpeza da vía pública, de acordo co previsto no artigo 21.1.e) do TRLRFL.

Para tal efecto, considérase lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos os restos e desperdicios de alimentación ou detritos procedentes da limpeza normal de locais e vivendas e exclúense de tal concepto os residuos de tipo industrial, entullos de obras, detritos humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou que a súa recollida ou vertido esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas ou de seguridade.

Presúmese a utilización do servizo de recollida de residuos cando existe a posibilidade de habitar a vivenda ou de utilizar o local por contar con calquera dos servizos de subministración de auga, enerxía eléctrica ou rede de sumidoiros.

Artigo 3. Suxeitos pasivos.

1. Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais situados no termo municipal de Melide, xa sexa a título de propietario, usufrutuario, habitacionaista, arrendatario ou precarista, sendo receptores dos servizos públicos municipais de recollida, transporte e tratamento dos seus residuos.

- As liquidacións emitíranse contra o propietario/a, se fose coñecido/a ou, do contrario, contra o/a ocupante do inmovible, que disporá dun prazo de 15 días hábiles dende a recepción dela para achegar proba do seu título habilitante para ocupar a vivenda e da identidade do propietario/a dela, para que se emita unha nova liquidación a nome do propietario/a.
- A liquidación nos supostos de locais de negocio ou de realización de actividades económicas realizarase a nome do titular dado de alta no censo da actividade ou do titular da explotación da actividade, como contribuínte do tributo.

2. Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, os propietarios de inmoables (vivendas ou locais), que poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios/as daqueles, beneficiarios do servizo, tal e como dispón o artigo 23.2 do TRLRFL.

Artigo 4. Responsables e sucesores.

1. Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades conforme ao definido nos artigos 39 a 43 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, así como a normativa que a desenvolva ou complementa.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei 58/2003.

3. As obrigas tributarias pendentes esixíranse aos sucesores das persoas físicas, xurídicas e entidades sen personalidade, nos termos previstos na Lei Xeral Tributaria e demais normativa de xeral e concordante aplicación.

Artigo 5. Beneficios fiscais.

En aplicación do artigo 9.1 TRLRFL, non se admitirán nesta taxa máis exencións e bonificacións que as que veñan establecidas en normas con rango de lei ou en tratados e acordos internacionais.

Artigo 6. Cota tributaria.

1- A tarifa do servizo de xestión dos residuos municipais constará dunha parte fixa e outra variable.

No caso das vivendas a cota será fixa, distinguindo entre zona urbana e rural.

A parte fixa será única por unidade de local e a variable en función do tipo de actividade desenvolvida neste. Para os locais de negocio e asimilados a parte variable establécese en función da actividade desenvolvida e a superficie.

TIPOS DE TARIFAS**1.a) Tarifa doméstica:**

a) Vivenda en zona urbana: 109,38 euros ao ano.

b) Vivenda en zona rural: 84,59 euros ao ano.

1.b) Tarifas de locais comerciais, industriais e análogos:

a) Cota fixa: cada local pagará unha cota fixa anual de 118,12 euros. Esta cota fixa será única por unidade de local, con independencia de que neste sexan desenvolvidas varias actividades por este obrigado tributario (ou sirva simultaneamente de vivenda e local de actividade).

b) Cota variábel: será o resultado de multiplicar o número de m² de cada local polo valor base anual de 0,30 euros e o coeficiente correspondente á actividade segundo o parágrafo 1.b) c) deste artigo, tributando polo coeficiente correspondente á actividade cun maior coeficiente no caso de exercer varias actividades. Isto é, no suposto da realización de dous ou máis feitos impondíbeis no mesmo local, devengarase unicamente a cota correspondente á actividade que teña sinalada a maior contía por aplicación deste apartado b) e máis o c), sumando a superficie de todas as actividades desenvolvidas no mesmo local, cando sexan dun mesmo titular. Se fosen de titulares distintos, xiraranse liquidacións diferentes por cadansúa tarifa.

A superficie dos locais, para os efectos de determinar a base de gravame, comprenderá a totalidade do local afecto á actividade (superficie declarada para os efectos do imposto sobre actividades económicas para os locais de negocio, superficie construída do padrón do Imposto sobre bens de natureza urbana, ou comprobación administrativa dos servizos do concello), sen que proceda a exclusión de ningunha dependencia por razón do seu uso específico.

c) Os coeficientes de cada actividade ou grupo de actividades son os seguintes:

Actividade	Coeficiente
Hoteis, hostais, pensións e residencias	0,68
Restaurantes e casas de comidas	2,70
Cafeterías, bares, pubs, discotecas e salas de festas	1,50
Comercio menor e maior (excepto alimentación)	0,85
Comercio menor e maior alimentación e industria alimentaria	1,90
Industria (salvo a alimentaria)	0,55
Transportes e almacéns	0,33
Centros educativos, edificios administrativos	0,20
Servicios recreativos e culturais	0,38
Profesionais, oficinas, clínicas e outros	0,68

Artigo 7. Período impositivo e obriga de contribuír.

1. A taxa devíndcase e nace a obriga de contribuír desde o momento en que se inicie a prestación do servizo, e entenderase iniciado, dada a súa natureza de recepción obrigatoria, cando o servizo municipal de xestión de residuos domésticos nas rúas ou lugares onde figuren as vivendas utilizadas polos contribuíntes ou os locais suxeitos á taxa aquí regulada estea establecido e en funcionamento.

2. Unha vez establecido e en funcionamento devandito servizo, as cotas devíndcaranse o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cesamento na recepción do servizo; neste caso o período impositivo axustarase a esta circunstancia.

Artigo 8. Normas de xestión.

1.- Os suxeitos pasivos están obrigados a notificar ó concello calquera variación nos datos do Padrón, e a tal efecto teranse en conta as seguintes circunstancias:

* ALTAS. As altas no Padrón poderán producirse:

- De oficio: Cando ó concello lle conste a existencia de actividades constitutivas do feito impondíble por calquera medio.
- A instancia dos suxeitos pasivos: Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar a correspondente declaración de alta ó obtela correspondente licenza de apertura, de primeira ocupación ou coa comunicación previa de inicio de actividade, declaración responsable ou supostos asimilados.

* BAIAS. As baixas no Padrón poderán producirse:

- De oficio: Cando ó concello lle conste por algún medio, no caso de vivendas a desaparición, destrución, derribo e revogación da licenza de primeira ocupación ou supostos asimilados. No caso de actividades en locais, por cese no exercicio da actividade (baixa da licenza de apertura ou eliminación da correspondente comunicación previa ou declaración responsable e baixa no Imposto sobre Actividades Económicas).
- A instancia dos suxeitos pasivos: Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar a correspondente declaración de baixa ó obter a correspondente licenza de demolición dos inmobles ou a baixa da licenza de apertura

ou comunicación previa ou declaración responsable e Imposto de Actividades Económicas no caso de actividades. Non obstante, tamén se autorizará a baixa no padrón, que surtirá efectos no exercicio seguinte ao da solicitude, cando a vivenda ou local non conte cos servizos de subministración de auga e enerxía eléctrica, o que deberá probarse polo interesado/a.

2.- As altas, baixas e variación de datos serán notificados ao suxeito pasivo; non obstante, cando o contido de tales actos se desprenda das declaracións de alta, baixa ou variación presentados polos suxeitos pasivos, tales actos entenderanse notificados no momento da presentación. A notificación poderá realizarse conxuntamente cos actos de liquidación da taxa.

3.- As declaracións de altas, baixas e en xeral de variación de datos referentes a un período impositivo surtirán efectos no Padrón do exercicio inmediatamente posterior.

4.- As cotas da taxa serán recadadas:

* Con carácter xeral mediante recibo derivado do Padrón. A tal efecto, as liquidacións serán practicadas ós suxeitos pasivos cos requisitos esixidos na lei xeral tributaria e normativa de desenvolvemento na materia.

* No caso de altas,

- As realizadas por declaración do suxeito pasivo, farase por autoliquidación conxunta coa declaración de alta.

- As realizadas de oficio, por liquidación xirada pola propia administración.

5.- O padrón anual de suxeitos pasivos obrigados ao pagamento será aprobado pola Alcaldía (sen prexuízo das posibles delegacións) e exporase ao público para que os lexítimos interesados/as poidan examinalo e, de ser o caso, formular as reclamacións oportunas. A exposición ao público anunciarase no BOP e producirá os efectos de notificación da liquidación a cada un dos suxeitos pasivos obrigados ao pagamento.

6.- Para a efectividade do cobramento desta taxa enviarase un exemplar do padrón anual á Deputación Provincial como órgano encargado da recadación.

7.- As cotas que non se paguen no período voluntario de cobranza esixiranse pola vía de constrinximento coas recargas legais que sexan de aplicación.

Artigo 9. Infraccións e sancións.

En todo o relativo a infraccións tributarias e ás súas cualificacións, así como ás sancións que correspondan, estarase ao disposto na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementan e desenvolven.

Disposición adicional

No non previsto nesta ordenanza, estarase ao disposto na Lei 58/2003, Xeral Tributaria, Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións complementarias e de desenvolvemento.

Os preceptos desta Ordenanza fiscal que, por razóns sistemáticas reproduzan aspectos da lexislación vixente e demais normas de desenvolvemento, e aqueles en que se fagan remisións a preceptos da mesma, entenderase que son automaticamente modificados e/o substituídos, no momento en que se produza a modificación dos preceptos legais e regulamentarios de que levan causa.

Disposición derogatoria

A partir da entrada en vigor desta ordenanza queda derogada a anterior reguladora da taxa de recollida e tratamento de lixo.

Disposición final

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no BOP e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2026, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Melide, 26 de novembro de 2025

O alcalde en funcións,

Xosé Igrexas García

Documento asinado electronicamente.